

**“ORDENANZA REGULADORA DE ESPAZOS PÚBLICOS DEDICADOS  
Á VENDA AMBULANTE  
CAPÍTULO I  
Disposicións xerais**

**Artigo 1.- Obxecto e ámbito**

Esta ordenanza ten por obxecto regular, con carácter xeral, a ocupación do espazo público dedicado á venda ambulante no concello de Lugo con independencia da súa localización e periodicidade.

**Artigo 2 .- Marco normativo**

A venda ambulante rexerese, ademais do disposto por esta ordenanza, polo establecido na Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia e polas normas sectoriais reguladoras da venda e comercialización de cada produto en concreto, en especial os regulamentos técnico-sanitarios aplicables á produción e comercialización de cada produto

**Artigo 3.- Competencia**

Correspóndelle ó Concello de Lugo dentro do seu termo municipal, sen prexuízo das competencias doutras administracións, conceder a autorización para o uso do espazo público no seu territorio e a ordenación, execución, inspección e control das medidas necesarias para un desenvolvemento satisfactorio dos mercados, nos que se desenvolven actividades de venda ambulante, do cumprimento dos requisitos para a obtención das licenzas e de facer cumprir esta ordenanza.

Será competente para conceder as autorizacións en calquera das modalidades contempladas nesta ordenanza o órgano municipal que teña conferidas as atribucións para o efecto, segundo o disposto na lexislación de réxime local aplicable, sen prexuízo das delegacións do seu exercicio que se poidan outorgar.

**Artigo 4.- Concepto de venda ambulante**

1. Considérase venda ambulante ou non sedentaria a realizada por persoas comerciantes, fóra dun establecemento comercial permanente de forma habitual, ocasional, periódica ou continuada, nos perímetros ou lugares debidamente autorizados en instalacións comerciais desmontables ou transportables, incluíndo os camiós tenda.

2. As vendas efectuadas dentro dos locais ou recintos ocupados por un certame feiral non terán a consideración de ambulante

### **Artigo 5.- Modalidades de venda ambulante**

1. Para os efectos desta ordenanza, enténdese por tipos de venda ambulante os seguintes, establecidos no artigo 71 da Lei 13/2010:

a) Venda ambulante en mercados periódicos: aquela autorizada nos mercados situados en poboacións, en lugares e espazos determinados, cunha periodicidade habitual establecida. Dentro deste epígrafe están encadradas, entre outras, as realizadas en feiras populares, mercados e “rastros”.

b) Venda ambulante en mercados fixos: aquela autorizada en lugares anexos ós mercados municipais ou de abastos, con instalacións permanentes nas poboacións.

c) Venda ambulante en postos desmontables instalados na vía pública: aquela autorizada para un número de postos, situacións e períodos determinados.

d) Venda ambulante en mercados ocasionais: aquela autorizada en mercados esporádicos, que se celebren con motivo de feiras, festas ou acontecementos populares.

e) Venda ambulante mediante camións ou vehículos tenda: aquela realizada nos citados medios e autorizada en zonas ou lugares determinados.

2. En consecuencia, non será susceptible de autorización a venda de vehículos realizada fóra dun establecemento comercial permanente, na vía pública ou en espazos de uso e dominio público e, en xeral, en zonas de gran concorrencia, salvo eventos autorizados.

Non obstante, permítese a colocación de información con intención de venda a título particular de xeito illado e por parte dos particulares. Na medida en que isto comporta un uso especial do dominio público, estará suxeita a previa autorización municipal, que deberá solicitar o propietario do vehículo acreditando tal condición acompañando copia do recibo acreditativo do pago do Imposto municipal sobre vehículos de tracción mecánica (IVTM) do Concello de Lugo. Unha vez concedida tal autorización, que terá unha validez de 6 meses, prorrogable por outros 6 meses, deberá ser exhibida en lugar visible dentro do propio vehículo. O mesmo solicitante non poderá ter autorización para a información de máis de dous vehículos simultaneamente.

A inexistencia de tal autorización e/ou non da súa exhibición dentro do vehículo permitirá a adopción das medidas previstas nesta ordenanza, en canto ó réxime sancionador se refire.

#### **Artigo 6.- Concepto de mercado**

O mercado é unha agrupación de postos desmontables destinados á venda.

#### **Artigo 7**

O mercado pola súa natureza e necesidade de ocupación de espazo público non poderá ser instalado sen previa autorización do Excmo. Concello, e exclusivamente en terreos da súa propiedade.

#### **Artigo 8**

Para optar ó goce do posto de venda será necesario obter a autorización municipal correspondente.

#### **Artigo 9.- Da venda**

Os vendedores ambulantes deberán cumprir no exercicio da súa actividade con toda a normativa vixente na materia de exercicio do comercio e da disciplina do mercado, deberán observar as normas de competencia leal e usos mercantís, e responderán, ante a administración competente en cada caso, de que os produtos obxecto de venda cumpren as condicións e requisitos esixidos pola normativa que os regula, tanto en materia sanitaria como no referente á súa presentación, etiquetaxe e demais que se establezan nelas.

#### **Artigo 10**

O Concello exercerá a intervención administrativa, as funcións de autoridade, policía, e inspección sanitaria en todos aqueles postos situados no mercado, sen prexuízo do labor inspector doutras administracións competentes nas materias relacionadas co mercado.

#### **Artigo 11**

A venda de artigos alimenticios deberá reunir condicións hixiénico-sanitarias, de calidade e pureza estipuladas nas normas que regulen as disposicións vixentes de aplicación. Os vendedores serán os responsables do seu cumprimento.

## **Artigo 12.- Requisitos para o uso dos espazos públicos dedicados a mercado**

Para o exercicio da venda ambulante nos espazos públicos dedicados a isto no concello de Lugo, as persoas deberán cumprir os seguintes requisitos:

1. Estar inscritos no Rexistro galego de comercio, previsto no artigo 8 e 73 da Lei 13/2010, e posuír a tarxeta de persoa vendedora ambulante, que ten carácter persoal e intransferible.
2. Estar en posesión da autorización municipal correspondente. Esta licenza deberá manterse, para a súa exhibición, en lugar visible e permanente. A autorización municipal estará sometida á comprobación previa polo Concello do cumprimento polo peticionario dos requisitos de inscrición no Rexistro galego de comercio e da posesión da correspondente tarxeta acreditativa. Así mesmo, deberá formalizar a súa inscrición no Rexistro municipal de venda ambulante que se habilitará para o efecto.

## **CAPÍTULO II Procedemento**

### **Artigo 13.- Autorización municipal**

1.- Para poder exercer a venda ambulante neste concello será preciso posuír a correspondente autorización municipal, que será individual e intransferible.

A autorización concederase a persoas físicas titulares do carné de venda ambulante expedido pola Administración autonómica, e terá carácter persoal e intransferible. Non obstante, a petición do interesado, a autorización habilitará, ademais do seu titular, ó cónxuxe e ós seus descendentes directos maiores de 16 anos, e ás persoas vinculadas a el mediante contrato laboral. Non poderá ser cedida ou subarrendada a terceiros.

2.- Esta autorización tan só dará acceso a un só posto de venda, e só poderá solicitarse unha autorización por carné.

3.- O Concello establecerá dous niveis nos tipos de uso do espazo publico:

**Autorizacións preferentes:** que conteñan a indicación precisa do lugar de situación no mercado, respectando sempre a antigüidade do titular, así como o sector comercial, e o nome, número de Rexistro de comerciantes ambulantes da Xunta de Galicia e o número do Rexistro municipal do vendedor titular dela.

**Autorizacións simples:** que non terán asignado un lugar fixo a ocupar no mercado. A modalidade de ocupación dos espazos obxecto de regulación específica será por orde de chegada ó mercado.

A adxudicación concreta do posto no caso de autorizacións simples farase tendo en conta a situación de partida do mercado e a reserva de postos preferentes e despois por estrita orde de chegada, tendo en conta a regulación específica para o efecto que se estableza.

Poderá establecerse un servizo de lista previa para a reserva de espazos no mercado atendida telefonicamente para facilitar a xestión deles e desprazamentos innecesarios ós vendedores.

4.- Estas autorizacións deberán exhibirse obrigatoriamente e durante o tempo de duración do mercado nun lugar visible do posto, ou, se é o caso, estar sempre a disposición da autoridade competente que a poida solicitar.

5.- A autorización terá unha validez dun ano, e considerarase prorrogada automaticamente por períodos sucesivos de anos naturais, tras a presentación da documentación orixinal esixida polo Concello, e sempre que non exista denuncia desta por calquera das partes.

#### **Artigo 14**

1.- A autorización para o uso do espazo publico debe ser solicitada polo interesado ou representante legal en impreso normalizado presentado no Rexistro Xeral do Concello, e no que se fagan constar os seguintes datos:

- Nome e apelidos, domicilio, DNI ou documento de identidade para cidadáns comunitarios e pasaporte para cidadáns extracomunitarios.
- Mercadoría que se vaia expender e sector.
- Tempo polo que solicita a autorización
- Módulos de espazo que solicita: 4, 6, 8 ou 10 metros.
- Declaración xurada dos mercados nos que desenvolva a súa actividade.

A solicitude deberá acompañarse de:

- a) Fotocopia do DNI ou documento de identidade, ou pasaporte, se é o caso.
- b) Xustificante de estar dado de alta na Seguridade Social como traballador autónomo.
- c) Alta no epígrafe correspondente na cota fixa do IAE e atoparse ó corrente do seu pago se procede.
- d) No caso de venda de produtos alimenticios, estar en posesión do carné de manipulador de alimentos.
- e) Fotocopia legalizada do carné de vendedor ambulante expedido pola Xunta de Galicia, debidamente actualizado.
- f) Declaración xurada na que o solicitante manifieste coñecer as normas ás que debe axustarse a súa actividade e o seu compromiso de observalas.

Non obstante o anterior, a autorización municipal para ocupación do espazo no mercado non eximira ó titular do cumprimento do resto de obrigas con outras administracións: fiscais e tributarias, sanitarias, laborais e de seguridade e hixiene, etc., ou calquera outra de aplicación.

As autorizacións para os estranxeiros non comunitarios, ademais do disposto nos parágrafos anteriores deste artigo, estarán supeditadas a obriga de que o seu solicitante acredite, antes de serlle entregada a autorización, que está en posesión, polo menos, dos correspondentes permisos de residencia e traballo polo tempo de duración da autorización.

2.- Non se concederá ningunha autorización sen previo pago da taxa correspondente na forma en que dispón a ordenanza fiscal respectiva.

Poderán habilitarse os sistemas de pago que estime o Concello de Lugo, incluíndo solucións de pago a través de entidades bancarias, tarxetas, modalidades de pago anuais e semestrais, estas con tarifas reducidas; ou por períodos mensuais, e tarxetas e bonos de prepago, e, en xeral, por todos aqueles medios axeitados e que poidan facilitar a xestión municipal, incluíndo as novas tecnoloxías actuais ou futuras.

### **Artigo 15**

Malia o carácter de intransferible da autorización, poderá considerarse as seguintes excepcións:

Poderá autorizarse o cambio de titularidade da licenza en caso de falecemento ou xubilación do titular ou renuncia expresa deste á licenza concedida a prol do cónxuxe, fillos, irmáns ou pais, e o Concello estimará o outorgamento polo tempo que reste da licenza entre os solicitantes, e sempre que cumpran todas as condicións esixidas nesta ordenanza para ser titular, procedendo o cambio do nome do titular na licenza municipal sempre e cando o novo titular cumpra os requisitos establecidos.

Para a realización deste tramite establecerase a orde de preferencia segundo as normas civís, e no caso de existir varios herdeiros será necesario achegar acordo previo asinado por eles sobre a titularidade da autorización.

### **Artigo 16**

As autorizacións de uso do espazo público serán expeditas en documentos normalizados nos que constará a identificación do titular, a indicación da situación do posto, o sector comercial, e mais o período no que se poderá acceder ó mercado, levando adherida unha fotografía do interesado.

### **Artigo 17**

O órgano municipal que teña conferidas as atribucións para o efecto, segundo o disposto na lexislación de réxime local aplicable, sen prexuízo das delegacións do seu exercicio que se poidan outorgar, poderá revogar as autorizacións concedidas cando o titular incorra na comisión de faltas moi graves tras concederlle audiencia ó interesado polo prazo de dez días, por traslado da localización do mercado, e, en xeral, cando razóns de interese público así o aconsellen estando debidamente motivadas, respectándose en todo caso na nova localización a antigüidade na autorización, para o establecemento das localizacións dos postos.

Nos casos enumerados anteriormente, a revogación da autorización, dado que non supón dereito subxectivo, non comportará dereito de indemnización a favor do adxudicatario.

### **Artigo 18**

A inspección hixiénico-sanitaria, así como de consumo dos artigos que o requiran levarana a cabo os servizos municipais competentes que, chegado o caso, tramitarán e proporán as correspondentes sancións.

Os servizos municipais velarán polo mantemento da orde e do cumprimento polos usuarios destas normas, así como daquelas que no sucesivo se diten na materia.

O Alcalde Presidente ditará os bandos e circulares que sexan precisos para o desenvolvemento, interpretación e xestión dos asuntos relativos a esta ordenanza.

## **CAPÍTULO III**

### **Normas de funcionamento**

### **Artigo 19**

Só se permitirá o despacho ó público no posto autorizado polo seu titular, cónxuxe, descendentes directos ou persoas ligadas a el por contratos laborais.

### **Artigo 20**

En caso de ter pechado o posto durante oito días de mercado seguidos ou doce alternos nun período de tres meses, revogase a autorización salvo que o adxudicatario xustifique a súa imposibilidade de abrir o posto.

### **Artigo 21**

Será de carácter obrigatorio o marcado de prezos en todos os produtos destinados á venda, sexa cal fose a actividade do posto, de tal xeito que o posible comprador quede informado pola soa lectura do anuncio, sen necesidade de obter información complementaria.

### **Artigo 22**

O prezo de venda ó público debe comprender a cantidade total que o comprador debe satisfacer. Na venda a granel a unidade de peso ou medida debe quedar claramente especificada. Para estes efectos só son admitidas como unidades válidas o quilogramo, o metro e mais o litro, e non serán autorizadas as determinacións de prezos en unidades fraccionadas.

### **Artigo 23**

Nos postos dedicados á venda de produtos alimenticios, á parte de estar en posesión do carné de manipulador, o persoal debe ter en todo momento a máxima pulcritude no aseo, e esixírase o uso de bata branca durante a súa actividade e de guantes no caso de torar alimentos.

### **Artigo 24**

Estes produtos depositaranse en calquera medio de exposición que impida en todo momento o seu contacto co chan, e evitárase tamén a exposición a raios solares. A altura mínima sobre o nivel do chan será de 60 cm.

Os alimentos sen envases permanecerán fóra do alcance do público, e de non ser posible, será obrigatorio o uso de carteis prohibindo tocalos.

### **Artigo 25**

Queda totalmente prohibido utilizar como envoltura de alimentos papel de periódico, papel impreso, etc. Os alimentos vendidos en peza enteira serán despachados en bolsas de plástico autorizadas para uso alimentario. En caso de ser torados, serán envoltos para a súa entrega ó adquirilos en papel aluminio ou similar.

### **Artigo 26**

Non está permitida a venda de carnes, aves, caza, etc., frescas, refrixeradas ou conxeladas, así como de produtos lácteos e derivados deles, bolería rechea, etc., e, en xeral, de todos os produtos que necesitan frío para a súa conservación idónea.

### **Artigo 27**



Os titulares das autorizacións ou persoas que exercen a actividade comercial baixo a súa responsabilidade, ó final de cada xornada laboral serán responsables da limpeza de residuos e aseo xeral dos lugares por eles ocupados. Sen prexuízo das actuacións do Concello cara a limpeza viaria. Así mesmo, deberán usar os medios de recollida, contedores, etc., que se atopan no recinto do mercado para esta finalidade.

### **Artigo 28**

Son obrigas dos concesionarios con carácter xeral:

- a) Aboar os gastos correspondentes ás taxas de ocupación do solo.
- b) Manter aberto o posto de venda debidamente atendido e abastecido ó publico.
- c) Acatar e realizar todas as medidas que a Alcaldía estime oportunas para a mellor orde e servizo do mercado.
- d) Cumprir todas as condicións e prescricións establecidas nesta ordenanza e demais disposicións legais e regulamentos vixentes que foran aplicables á actividade.
- e) En xeral, velar pola boa orde, limpeza, conservación e mantemento das instalacións dedicadas á localización do mercado.

## **CAPÍTULO IV**

### **Da venda en mercados**

#### **Artigo 29.- Localización**

1. A venda ambulante só queda autorizada nos lugares e datas que determine o órgano municipal competente, estando suxeita á preceptiva autorización municipal.
2. A zona destinada á actividade de venda ambulante situarase nos espazos designados polo órgano municipal competente para o efecto, e que figurarán como anexo á ordenanza municipal segundo delimitación en plano anexo a esta ordenanza.  
Os postos atoparanse numerados e identificados para a súa asignación. Con tamaños de 4, 6, 8 e 10 metros
3. O Concello poderá modificar a localización do mercado por causa de forza maior, de interese xeral ou municipal, tendo en conta o establecido no artigo 17 desta ordenanza, e, en todo caso, o novo recinto deberá reunir as condicións hixiénicas e sanitarias axeitadas á actividade e de doado acceso para vendedores e compradores.
4. Os postos non poderán situarse en accesos a edificios de uso público, establecementos comerciais nin en lugares nos que dificulten o acceso e a circulación peonil. Así mesmo, organizaranse de tal xeito que se poida

maximizar o aproveitamento do espazo dispoñible no recinto delimitado para o efecto.

### **Artigo 30**

Estas normas serán de aplicación para calquera outro mercado que, no futuro, poida crearse en calquera punto do municipio.

Os días de celebración do mercado serán os martes e venres, non festivos de cada mes, ou calquera outro que se estableza no futuro en virtude de acordo municipal.

O horario de funcionamento será das 8:00 ás 15:00 horas os días expresados. Non se permitirá a montaxe de postos a partir das 9:30 da mañá. A dita actividade poderá ser modificada pola Alcaldía, que sinalará novas datas e horarios, en épocas que por venda de carácter tradicional ou especial se estimen oportunas.

Os espazos libres despois da hora límite de montaxe de postos quedarán a dispor do Concello para a súa distribución axeitada no mercado correspondente ó día.

### **Artigo 31**

As autorizacións han de xestionarse de tal xeito que os postos de venda de produtos alimenticios susceptibles de ser torados deben formar un grupo independente do resto dos postos.

### **Artigo 32**

Os mostradores dos postos de venda ó público terán un máximo de dez metros lineais de lonxitude e un mínimo de catro. Non se autorizarán disposicións non lineais dos postos. En ningún caso se permitirá a venda de ningún tipo de produtos no chan.

## **CAPÍTULO V**

### **Artigos autorizados para a venda**

### **Artigo 33**

As modalidades de venda permitida nos postos de carácter desmontable son:

- Alimentación

Froita

Pan (registro sanitario)

Bolería autorizada (registro sanitario)

Queixos curados etiquetados

Froitos secos

Embutidos (registro sanitario)  
Carnes curadas e salazóns (registro sanitario)  
Patacas, hortalizas e verduras  
- Xeral  
Produtos téxtiles  
Calzado  
Bazar  
Quincalla  
Xoguetería  
- Típicos  
Apeiros de labranza  
Cerámica  
Artesanía en xeral  
- De tempada  
Árbores froiteiras  
Plantas de xardín  
Bulbos  
Flores

#### **Artigo 34.- Dos produtos**

- 1.- Os postos que expendan artigos a peso ou medida deberán dispoñer de cantos instrumentos sexan necesarios para pesar ou medir os produtos.
- 2.- Os artigos que se vendan deberán cumprir o establecido na materia de sanidade e hixiene, e todas as normas vixentes de protección ó consumidor.
- 3.- A venda de produtos perecedoiros adecuarase en todo momento ás condicións e esixencias hixiénico-sanitarias vixentes. En caso de infraccións a tales leis ou normas, detectadas polos axentes sanitarios, estableceranse as oportunas sancións pola administración competente.
- 4.- A autoridade municipal poderá comisar os que non cumprisen tales condicións, e baixo a consideración de falta moi grave abrir o oportuno expediente sancionador ó responsable da venda. Nos supostos en que sexa previsible o comiso dos produtos, poderase proceder á súa intervención preventiva.

CAPÍTULO VI  
**Réxime disciplinario**  
Sección 1.<sup>a</sup> Infraccións e sancións

**Artigo 35**

1. O incumprimento destas normas dará orixe á incoación do correspondente procedemento sancionador, que se levará a cabo de conformidade coas determinacións do título IX da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e no Regulamento que desenvolve o exercicio da postestade sancionadora e demais normativa aplicable ó caso.

En aplicación do establecido no título XI da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, as faltas clasificaranse en leves, graves e moi graves:

1º - Como faltas leves considéranse:

- a) o incumprimento do horario
- b) a falta de limpeza no posto
- c) non mostrar a requirimento da autoridade competente as autorizacións pertinentes
- d) o uso de altofalantes sen autorización específica e
- e) a colocación de mercancías fóra do espazo asignado.

2º- Serán faltas graves:

- a) a venda de produtos distintos ós autorizados
- b) a instalación do posto en lugar non autorizado
- c) falta de lista ou rótulos de prezos
- d) falta da envoltura regulamentaria nos artigos vendidos
- e) negativa á venda de artigos expostos
- f) falta de aseo, limpeza e hixiene en vendedores, postos e ferramentas, e a non-limpeza do lugar unha vez finalizada a actividade do mercado e
- h) non-pagamento das taxas correspondentes.

3º- Son faltas moi graves:

- a) o desacato ós axentes da autoridade e inspectores municipais
- b) a venda de artigos en condicións deficientes.
- c) a venda ambulante sen autorización
- c) infraccións en materia sanitaria ou de consumo.

d) a venda de vehículos na vía pública ou en espazos de uso ou dominio público, nos termos previstos nesta ordenanza (cando esta venda non fose autorizable ou non se contase coa preceptiva autorización).

2. Para a graduación das sancións, atenderase primordialmente á gravidade da materia, á entidade económica dos feitos constitutivos da infracción e a súa reiteración por parte da persoa responsable.

### **Artigo 36**

En aplicación do establecido no título XI da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, as sancións que se aplicarán serán as seguintes:

1º Por faltas leves, multa económica de 150 a 300 €

2º Por faltas graves:

a) multa económica de 350 a 600 €

b) suspensión da autorización para entre 2 e 4 días de mercado.

3º Por faltas moi graves:

a) multa económica de 650 a 900 €

b) revogación da autorización sen indemnización. Cando a autorización sexa revogada a consecuencia de infraccións moi graves, o seu titular non poderá obter autorización ningunha durante o prazo de dous anos para o exercicio da actividade.

### **Artigo 37**

A iniciación de calquera procedemento sancionador por falta grave ou moi grave poderá levar aparellada, como medida preventiva, a retención da mercadoría polos vixilantes recadadores ou axentes de consumo, policía local, ou por outra autoridade competente, cando existisen sinais evidentes de fraude na súa venda ou se poña en perigo a saúde ou integridade física dos consumidores ou compradores, de xeito independente ó inicio do expediente sancionador

#### Sección 2.ª Procedemento sancionador

### **Artigo 38**

A postestade sancionadora conforme ó artigo 113.4 da Lei 13/2010, de comercio interior de Galicia, queda atribuída á Alcaldía, que a poderá delegar no concelleiro/a delegado/a que teña atribuída competencias na materia.

## **CAPÍTULO VII**

### **Instalacións**

#### **Artigo 39**

O mercado deberá contar cunha dotación de infraestrutura e equipamento que garanta as instalacións axustadas ás normas vixentes sobre sanidade, hixiene e medio urbano, cumprindo polo menos as seguintes esixencias:

- a) O mercado estará montado sobre superficie asfaltada, que deberá ser regada antes e despois da súa celebración.
- b) Dentro da súa superficie ou anexa inmediata ó mesmo, existirán contedores destinados á recollida de residuos da actividade comercial.
- c) O mercado contará con acceso a servizos hixiénicos públicos de uso masculino e feminino, debidamente diferenciados e provistos de auga corrente.
- d) Contará cunha distribución de billas abastecedoras de auga corrente.
- e) Existirá unha báscula de repeso para controlar as posibles adulteracións nese sentido.
- f) Aqueles establecementos susceptibles disto deben estar provistos de follas de reclamacións de carácter oficial.

#### **Disposición adicional primeira**

O Concello de Lugo poderá subscribir convenios, pactos ou acordos con entidades sen ánimo de lucro ou de carácter social, que poidan supor excepcións a algúns dos requisitos de autorización do uso do espazo público previstos no articulado desta ordenanza, coa finalidade de contribuír á inserción social ou laboral de colectivos excluídos, pertencentes a minorías étnicas ou por outras circunstancias valorables polos servizos municipais competentes.

#### **Disposición adicional segunda**

Para o non-disposto nesta ordenanza, estarase ó establecido nas normas de carácter autonómico, estatal ou comunitario que resulten de aplicación.

#### **Disposición transitoria**

Con carácter transitorio e entre tanto non se homoxeneiza a lonxitude dos postos de venda nos módulos previstos na ordenanza, e co obxecto de non causar prexuízo ningún ós vendedores, manteranse os tamaños dos espazos asignados con anterioridade á promulgación da presente ordenanza, nos supostos de imposibilidade material de redución do tamaño do posto, por tratarse de vehículo de autoventa, ou outras circunstancias de similar natureza relativas á unha imposibilidade física xustificada, isto soamente será de aplicación ás actuais licenzas definitivas, no sucesivo, autorizacións preferentes.

Cesada a actividade obxecto de tratamento en virtude desta disposición, ou en caso de non renovación da autorización por calquera das causas previstas nesta ordenanza, non poderá ser obxecto de renovación nas mesmas condicións, e o espazo quedará dispoñible para a súa distribución normal, segundo o disposto.

#### **Disposición derogatoria**

Queda derogada a anterior ordenanza de venda ambulante dentro do termo municipal de Lugo e cantas disposicións municipais contraveñan esta.

#### **Disposición final. Entrada en vigor da ordenanza**

Esta ordenanza entrará en vigor unha vez que se publique o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei de bases de réxime local.